

**2013 ANO ROSALÍA**



**No bico un cantar Nenos e nenas cantan a Rosalía**

7 DE XUÑO DE 2013

17:30 HORAS

**IGREXA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

# PRESENTACIÓN

**A**s de cantar, meniña gaitreira; As de cantar que me morro de pena”. Así, con esta reivindicación do canto para acabar coa tristura, comezan os *Cantares gallegos* escritos por Rosalía de Castro en 1863 e pedra angular da nosa literatura. Rosalía, “con grande atrevemento”, tal e como recoñece no prólogo da obra, quere cantar a Galicia, a súa “infeliz patria” por todos aldraxada: “Cantos, bágoas, queixas, suspiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo en fin que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tivo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, que chegase a conmoerme, todo esto me atrevín a cantar neste humilde libro para dicir unha vez siquera, e anque sexa torpemente, os que sen razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa terra é dina de alabanzas”. A arela de Rosalía de “reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo” fica nestas cantigas cheas de alegría, de retranca, de tormento e de saudade. O pobo apropiouse delas e deulles voz para convertelas no eco alegre e sau-

doso da propia Galicia. A do pasado. A do presente. A do futuro. Por iso, desta volta serán as voces da Galicia de mañá as que ergan o canto rosaliano na pedra compostelá coa actividade “No bico un cantar”. O acto —organizado polo Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia— consiste na interpretación de catro pezas musicais baseadas en poemas de Rosalía de Castro (*Maió longo, Rosa de abril, En Cornes e Negra sombra*). Baixo a dirección de Maximino Zumalave e co acompañamento musical do quinteto Hércules Brass, medio milleiro de nenas e nenos de entre 8 e 12 anos de conservatorios e centros oficiais de ensino musical de toda Galicia unirán as súas voces para homenaxear os 150 anos de *Cantares gallegos* da autora padronesa. Logo dos ensaios no seu centro de ensino e dun ensaio xeral conxunto na Cidade da Cultura de Galicia, van cantar nesta praza da Quintana, o espazo polo que tantas veces camiñou a propia Rosalía. E, seguindo coa súa encomenda, “Que así mo mandaron, Que así mo dixeron... Xa canto, meniñas, Coidá que comenzo...”.

## A AUTORA

**Rosalía de Castro** é a autora de todos os poemas do programa. Os versos de “Rosa de abril” e “En Cornes” pertencen ao libro *Cantares gallegos* (1863), e “Maio longo” e “Negra sombra”, a *Follas novas* (1880).

## OS COMPOSITORES

As obras musicais “Maio longo”, “Rosa de abril” e “Negra sombra” foron compostas para voz e piano por **José Baldomir**, **Andrés Gaos** e **Xoán Montes**. **Juan Durán** é o autor dos arranxos musicais para sexteto. A composición “En Cornes” foi realizada e arranxada por **Octavio Vázquez**.

## A PRESENTADORA

**Fina Casalderrey**

## O DIRECTOR

**Maximino Zumalave Caneda**

## OS INTÉRPRETES

O quinteto Hércules Brass está formado por **Alejandro Vázquez** (trompeta), **Víctor Manuel Vilariño** (trompeta), **Javier González** (trompa), **Esteban Méndez** (trombón) e **Rodrigo Rodríguez** (tuba). Nesta ocasión están acompañados por **Martín Naveira** (trompa convidado).

As **nenas** e os **nenos** que participan na actividade pertencen ao Conservatorio Profesional de Música da Coruña, Conservatorio Profesional de Música de Lugo, Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra, Conservatorio Profesional de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol e Conservatorio Histórico de Santiago, ao coro da Orquestra Sinfónica de Galicia e á Escolanía da Catedral de Santiago “Ángeles de Compostela”.

## ORGANIZAN

Consello da Cultura Galega

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Fundación Cidade da Cultura de Galicia

# PROGRAMA

**Maio longo** (*Follas novas*) de José Baldomir  
**Rosa de abril** (*Cantares gallegos*) de Andrés Gaos  
**En Cornes** (*Cantares gallegos*) de Octavio Vázquez  
**Negra sombra** (*Follas novas*) de Xoán Montes

# MAIO LONGO

(Follas novas)

Maio longo... maio longo,  
todo cuberto de rosas,  
para algún telas de morte;  
para outros telas de vodas.  
Maio longo, maio longo,  
fuches curto para min:  
veu contigo a miña dicha,  
volveu contigo a fuxir.

## CORO

### Maio longo

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)  
Texto de Rosalía de Castro, música de José Baldomir

$\text{♩} = 52$

The musical score is written in G minor (three flats) and 3/4 time. It consists of ten staves of music with lyrics underneath. The first staff begins with a fermata over a whole note G, followed by a measure with a '7' above it and a 'mp' dynamic marking. The lyrics are: 'Ma-io lon go, ma-io lon - go, to-do cu ber to de ro -'. The second staff continues with 'sas, pa.ra.al - gúns te-las de mor - te, pa-ra.ou - tros te-las de bo - das.'. The third staff starts with a whole rest followed by 'Ma-io lon-go, ma-io lon - go, to-do cu-ber-to de ro - sas,'. The fourth staff continues with 'pa.ra.al - gúns te las de mor - te, pa-ra.ou - tros te-las de bo - das. Ma io'. The fifth staff has 'lon-go, ma - io lon - go, fu - ches cur - to pa - ra mín, veu con-'. The sixth staff continues with 'mi - go mi - ña di - cha, vol-veu con - ti - go.a fu - xir. veu con-'. The seventh staff has 'mi-go mi-ña di - cha, vol-veu con-ti-go.a fu - xir. Ma-io'. The eighth staff continues with 'longo, ma io lon - go, to-do cuberto de ro - sas, pa.ra.al - gúns telas de mor - te,'. The ninth staff has 'pa-ra.ou - tros te-las de bo - das. Ma-io lon go, ma io lon - go,'. The tenth staff concludes with a fermata over a whole note G.

Ma-io lon go, ma-io lon - go, to-do cu ber to de ro -  
sas, pa.ra.al - gúns te-las de mor - te, pa-ra.ou - tros te-las de bo - das.  
Ma-io lon-go, ma-io lon - go, to-do cu-ber-to de ro - sas,  
pa.ra.al - gúns te las de mor - te, pa-ra.ou - tros te-las de bo - das. Ma io  
lon-go, ma - io lon - go, fu - ches cur - to pa - ra mín, veu con-  
mi - go mi - ña di - cha, vol-veu con - ti - go.a fu - xir. veu con-  
mi-go mi-ña di - cha, vol-veu con-ti-go.a fu - xir. Ma-io  
longo, ma io lon - go, to-do cuberto de ro - sas, pa.ra.al - gúns telas de mor - te,  
pa-ra.ou - tros te-las de bo - das. Ma-io lon go, ma io lon - go,

# ROSA DE ABRIL

(Cantares gallegos)

Nasín cando as prantas nasen,  
no mes das froles nasín,  
nunha alborada mainiña,  
nunha alborada de abril.  
Por eso me chaman Rosa,  
mais a do triste sorrir,  
con espiñas para todos,  
sin ningunha para ti.  
Desde que te quixen, ingrato,  
todo acabou para min,  
que eras ti para min todo,  
miña groria e meu vivir.  
¿De que, pois, te queixas, Mauro?  
¿de que, pois, te queixas, di,  
cando sabes que morrera  
por te contemplar felís?

*O meu corasón che mando  
cunha chave para o abrir.  
Nin eu teño máis que darche,  
nin ti máis que me pedir.*

## CORO

### Rosa de abril

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)  
Texto de Rosalía de Castro, música de Andrés Gaos

The musical score is written for a choir in 12/8 time, with a tempo of 52. It consists of ten staves of music. The lyrics are written below the notes. The score includes dynamic markings such as 'cresc' and 'rit.'.

Nasín cando as prantas nasen, no mes das froles nasín, nunha alborada mainiña, nunha alborada de abril. Por eso me chaman Rosa, mais a do triste sorrir, con espiñas para todos, sin ningunha para ti. Desde que te quixen, ingrato, todo acabou para min, que eras ti para min todo, miña groria e meu vivir. ¿De que, pois, te queixas, Mauro? ¿de que, pois, te queixas, di, cando sabes que morrera por te contemplar felís?

*O meu corasón che mando cunha chave para o abrir. Nin eu teño máis que darche, nin ti máis que me pedir.*

# EN CORNES

(Follas novas)

I  
Formoso campo de Cornes,  
cando te crobes de lirios,  
tamén se me crobe a ialma  
de pensamentos sombrisos.  
De Cornes lindo lugare,  
que cruzan tantos camiños:  
aunque cuberto de rosas,  
as rosas tamén fan guizos.

Donde hai homes hai pesares;  
mais nos teus campos, ña terra,  
maxino que os hai máis fondos,  
cando te amostras máis leda.  
Porque eses tríos dos páxaros,  
eses ecos i esas brétemas  
vaporosas i esas frores,  
na alma triste, ¡cánto pesan!

Polas silveiras errante  
vexo unha meniña orfa  
que triste vai marmurando:  
—¡Ña Virxe, quén rosa fora!  
—¿Por que qués ser rosa, nena?  
—lle preguntei cariñosa,  
i ela contesta sorrindo:  
—Porque non tén fame as rosas.

a D.  
**En Cornes**

Poema de Rosalía de Castro

Música de Octavio Vázquez

Moderato (♩ = c. 50)

Canto

Piano

The first system of the musical score is in 6/8 time and B-flat major. It consists of a vocal line (Canto) and a piano accompaniment (Piano). The vocal line begins with a whole rest, followed by a melodic phrase starting on a G4. The piano accompaniment features a rhythmic pattern of eighth notes in the right hand and a bass line in the left hand.

5

For - mo - so cam po de Cor - nes, can -

The second system continues the musical score. The vocal line has a whole rest followed by the lyrics 'For - mo - so cam po de Cor - nes, can -'. The piano accompaniment continues with its rhythmic pattern, including some chordal textures.

11

do te co-bres de li - rios, ta - mén se me co bre'a ial - ma de pen - sa-men tos som-

The third system continues the musical score. The vocal line has a whole rest followed by the lyrics 'do te co-bres de li - rios, ta - mén se me co bre'a ial - ma de pen - sa-men tos som-'. The piano accompaniment continues with its rhythmic pattern.

16

bri - sos; de Cor - nes lin-do lu - ga - re, que cru - zan tan-tos ca - mi - ños: an-

21

que cu-ber-to de ro - sas, as ro - sas ta-mén fan gui - zos.

*rit.*

*a tempo*

26

31

Don - de'hai ho-mes hai pe - sa - res; mais nos teus cam-pos, ña te - rra, ma -

36

xi - no que'os hai máis fon - dos can - do te'a mos tras máis le - da; por - que'e - ses trí os dos

41

pá - xa-ros, e - ses e - cos i'e-sas bré - te - mas va-po - ro - sas i'e-sas fro - res, na'al

*rit.*

46

ma tris - te can-to pe - san!

*a tempo*

51

Po - las sil - vei ras e - rran - te ve -

57

xo'un - ha me - ni - ña or - fa que tris - te vai mar - mu - ran - do: ¡Ña Vir - xe quen ro - sa

62

fo - ra! ¿Por que ques ser ro - sa ne - na? lle pre - gun - tei ca - ri - ño - sa, i'e -

67

la con tes - ta so - rrin - do: Por - que non ten fa me'as ro - sas.

*rit.*

# 2013 ANO ROSALÍA



**NO BICO UN CANTAR**



# NEGRA SOMBRA

(Follas novas)

Cando penso que te fuches,  
negra sombra que me asombras,  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofa.  
Cando maxino que es ida,  
no mesmo sol te me amostras,  
i eres a estrela que brila,  
i eres o vento que zoa.  
Si cantan, es ti que cantas;  
si choran, es ti que choras;  
i es o marmurio do río,  
i es a noite, i es a aurora.  
En todo estás e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras,  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras.

CORO

## Negra sombra

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)

Texto de Rosalía de Castro, música de Xoán Montes

• = 50

11

Can-do pen-so que te fu - ches ne - gra som-bra que m'a -

15

som - bras \_\_\_\_ ó pé dos meus ca be - za les tor - nas fá cén do - me mo - fa. \_\_\_\_

21

\_\_\_\_ Can-do ma-xi-no que.es i - da no mes-mo sol te m'a - mos - tras \_\_\_\_

26

\_\_\_\_ i.e res a.es tre la que bri la i.e res o ven to que zo - a. \_\_\_\_ *mf*

32

can tan, es ti que can - tas si cho ran, es ti que cho - ras i.es o mar mu - rio do

37

ri - o i.es a noi - te i.es a au - ro - ra. En to.do.es tás e ti.es to - do pra

42

min i.en min mes ma mo - ras nin me dei xa - rás ti nun - ca som bra que sem pre m'a \_\_\_\_ *dim.*

47

som - bras. nin me dei - xa - rás ti nun - ca som - bra que sem - pre m'a *p*

51

som - bras. \_\_\_\_ En to.do.es tás e ti.es to - do

57

pra min i.en min mes - ma mo - ras \_\_\_\_ nin me dei - xa - rás ti nun - ca som - bra

62

que sem - pre m'a som - bras. \_\_\_\_ **4** **2**

**ROSALÍA DE CASTRO**

Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837 nunha casa do Camiño Novo (hoxe rúa Rosalía de Castro).

Filla da fidalguía rural galega, a súa formación intelectual leva a pegada do seu paso polo Liceo de la Juventud en Compostela e a posterior experiencia madrileña. Foi en Madrid onde publicou a súa primeira obra (*La Flor*, 1857) e onde casou con Manuel Murguía (1858), líder intelectual da súa xeración. A súa vida estivo marcada por unha saúde sempre feble, unha grande itinerancia –Madrid, Lestrobe, Simancas, A Coruña, Santiago, Padrón– e, tamén, unha intensa dedicación á escrita.

En prosa e en verso, en galego e castelán, a obra de Rosalía de Castro ocupa un lugar moi relevante nas letras europeas do século XIX. En 1863 publica *Cantares gallegos*, unha alegoría da Galicia contemporánea e considerada clave no Rexurdimento literario. Nestes cantares agroma a esencia máis íntima do ser galego cun canto á dignidade do pobo, a súa fala e os seus costumes.

Rosalía foi pioneira no seu tempo na defensa da muller cun avanzado pensamento político e social e un posicionamento crítico a respecto da realidade que lle tocou vivir. Así o poñen de relevo obras como os manifestos feministas “Lieders” e “Las literatas”; o poemario *Follas novas* –no que se mesturan o intimismo e a denuncia social– ou a novela por entregas *El caballero de las botas azules*. Durante os seus últimos anos residiu na Matanza (Padrón), onde compuxo *En las orillas del Sar* –obra cimeira na súa produción en castelán e considerada referente do Romanticismo español– e onde hoxe permanece aberta a súa casa-museo.

Morreu en 1885 vítima dun cancro e foi enterrada no cemiterio de Adina en Iria. En 1891 os seus restos foron trasladados a San Domingos de Bonaval, ao actual Panteón de Galegos Ilustres.

**JOSÉ BALDOMIR RODRÍGUEZ**

Nado na Coruña en 1867, este músico e compositor foi discípulo do mestre Marcial Torres del Adalid e coñecido principalmente polas súas producións para canto e piano sobre textos de poetas galegos. Exerceu como director dos orfeóns O Eco e O Brigantino; das orquestras Sociedad Bretón de los Herreros; dos coros e orquestra das Hijas de María e durante máis de trinta anos desempeñou a clase especial de conxunto e masas corais da Escola de Belas Artes da Coruña. En 1906, emprendeu unha longa xira por numerosas cidades de España, Portugal e Francia, o que contribuíu á difusión dos máis insignes poetas galegos. Foi nomeado académico de número da Academia Provincial de Belas Artes (1905), académico correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando (1922) e numerario da Real Academia Galega en 1941, onde ocupou a vacante do crítico de arte e notable folclorista lugués Indalecio Varela Lenzano. Entre as súas composicións salienta a ópera *A Virxe do Cristal*, sobre o texto –adaptado por Cabanillas– da lenda de Curros Enríquez; a zarzuela *Santos e meigas*, con libreto de Linares Rivas, que alcanzou no teatro madrileño da Zarzuela 137 representacións consecutivas e máis de 40 melodías que adoitan interpretarse tanto na versión de voz e piano coma na coral sobre poemas de autores senlleiros como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou Curros Enríquez.

Fonte: *Gran Enciclopedia Galega*

**ANDRÉS GAOS**

Violinista e compositor, en 1880 a familia trasládase a Vigo, onde o seu pai instala unha sucursal de “Canuto Berea y Cía.”, dedicada á venda de instrumentos musicais e partituras. Nesta cidade comeza os estudos de solfexo e violín. Recibe unha bolsa da Deputación coruñesa e marcha a Madrid. Estuda en París e en 1890 desprázase ao Conservatorio de Bruxelas, onde estuda violín con Eugène Ysaye e composición con Auguste Gevaert.

Chega a Bos Aires en 1895 e ao ano seguinte establécese en Montevideo, onde casa coa violinista América Montenegro. En 1898, regresan a Bos Aires. Viaxan a Europa durante varios anos para dar numerosos concertos. Camille Saint-Saëns elixe a Gaos como solista do seu *Concierto N° 3 para violín y orquesta*. En 1919, Gaos casa coa súa alumna Luisa Guillochon (1899-1982). En 1925, trasládase ao suroeste de Francia coa familia e dende alí partirá en xiras durante os 8 anos ininterrompidos da súa residencia en Europa. En 1933, regresa definitivamente a Bos Aires e abandona, aos 59 anos, a actividade concertística. En 1956, trasládase a Mar del Plata, onde falece en 1959.

Fonte: O vento que zoa ([www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org))

## OCTAVIO VÁZQUEZ

Estudou no Conservatorio Adolfo Salazar e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid; posteriormente, no Peabody Conservatory da Johns Hopkins University, en Baltimore, e na Universidade de Maryland, College Park. Dende 1999 reside na cidade de Nova York.

A música de Octavio Vázquez foi interpretada por directores como C. Kalmar, H. Schellenberger, Víctor Pablo Pérez, Ulysses James, Maximino Zumalave e Teri Murai; e solistas como Amaury Coeytaux, Daniel Gaisford, Eldar Nebolsin, Viacheslav Dinerchtein, Jonathan Gandelman, Nurit Pacht, Eric Jacobsen, Jennifer Bleick e Nicholas Cords. Recibiu encargos do New York State Council on the Arts, a Fundación Fulbright, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Meet the Composer, Guernica Project, Xacobeo Classics 2010 e a Fundación Chi-Mei, entre outros.

Fonte: O vento que zoa ([www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org))

## XOÁN MONTES

Compositor, organista e director de banda e orfeóns, naceu en Lugo en 1840. De formación musical autodidacta, estudou no Seminario da cidade dende 1850 a 1863, cando renunciou á carreira sacerdotal para dedicarse de cheo á súa vocación musical. Gran coñecedor da música popular e dos estudos de Inzenga, Antonio Noguera e Eduardo Ocón, colabora como folclorista na recollida de contos populares con Casto Sampedro e Felipe Pedrell, nos seus respectivos *Cancionero musical de Galicia* e *Cancionero musical popular español*. Pianista habitual nos círculos culturais de Lugo, en 1876 reorganiza, por encargo do Concello, a banda municipal e crea en 1879 o Orfeón Lucense, que, xa en 1887, cambia o seu nome polo de Orfeón Gallego. A partir de aí comeza unha carreira brillante de recoñecementos -tanto como compositor como por director do orfeón- e multiplícanse os premios en certames musicais de toda España. Como compositor, cómpre citar, ademais dunha prolífica produción relixiosa, as obras baseadas na música popular e nos poemas de autores galegos, entre as que salientan as *Baladas gallegas* para canto e piano, as seis alfaias máis estimables de Montes.

Fonte: *Gran Enciclopedia Galega*

## A PRESENTADORA FINA CASALDERREY

Fina Casalderrey (Xeve 1951, Pontevedra). Dende os dezanove anos exerceu a profesión de mestra (nos últimos anos en Secundaria). Foi daquela cando se mergullou nas augas da creación literaria como autora e directora de varias pezas teatrais representadas polo seu alumnado, algunhas recollidas na publicación *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola* publicada en Edicións Xerais. Xunto con Mariano García, publicou *O libro da empanada, Festas gastronómicas de Galicia* e *Repostería en Galicia*, todas elas en Edicións Xerais. No ano 1991 deuse a coñecer no mundo das publicacións coa novela xuvenil *Mutacións xenéticas* e xa leva máis de cincuenta libros publicados. A súa ampla obra está traducida ao castelán, catalán, éuscaro, valenciano, asturiano, aragonés, portugués, brasileiro, coreano, italiano, bretón, francés e inglés. Entre os seus numerosos premios salientan: Premio Nacional Puro Cora 2001 e I Premio Fernández del Riego 2003, por senllos artigos xornalísticos; Merlín, 1991, por *Dúas bágoas por Máquina*; Barco de Vapor, 1994, por *O misterio dos fillos de Lúa*; Edebé, 1995, por *O estanque dos parrulos pobres*; "Premio Lecturas" 2001, por *O misterio do cemiterio vello*; Benito Soto, 2003, por *A filla das ondas*; The White Ravens por *Prohibido casar, papá!*, 1998 e *Quen me quere adoptar?*, 2006. Recibe o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 1996, por *O misterio dos fillos de Lúa*, e pola súa traxectoria literaria recibe o Premio Cidade de Pontevedra, 1996. Premio "Autora do ano" da Federación de Libreiros de Galicia, 2007. Premio Ramón Cabanillas 2008, pola agrupación de libreiros de Cambados pola súa traxectoria literaria. Autora homenaxeada no X Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra 2009. Premio Frei Martín Sarmiento por *A lagoa das nenas mudas*, 2009. Lista Outstanding Books 2013. Oslo, por *O neno can*. Premio "Xosé María Álvarez Blázquez. Autora do ano" pola Asociación Galega de Editores (AGE) 2013. No 2010 e 2012 foi candidata española, proposta pola OEPLI e por GALIX, ao premio ASTRID LINDGREN. No 2013 foi elixida Académica de número pola RAG.

## O DIRECTOR MAXIMINO ZUMALAVE

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Larrucha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e presidir importantes certames e premios internacionais. Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música: Torrente Ballester envíalle unha obra “lamentando que no pueda ser una sinfonía” e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,  
que coas súas mans do silencio  
arrinca  
a máis pura poesía,  
no espacio fuxidía  
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario e, dende 2010, é membro do Plenario e coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.

## OS INTÉRPRETES HÉRCULES BRASS

Hércules Brass somos cinco músicos, utilizamos catro instrumentos diferentes (trompeta, trompa, trombón e tuba), procedemos de tres provincias distintas, pensámolo todo dúas veces e temos un denominador común, adoramos a música! Dende ben pequeniños vivimos rodeados de músicos, a nosa primeira meta foi debutar coa banda de música da nosa localidade e dende aquela temos claro que queriamos dedicarnos á música. Despois de anos de formación en Galicia e no estranxeiro, na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela e a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), formamos o noso proxecto, Hércules Brass Quinteto de metais. Unha aposta pola boa música, alta calidade a través dun traballo refinado. Grazas a esta dedicación viaxamos a Francia, Alemaña, Suíza, Costa Rica... Fomos finalistas en varios concursos internacionais e obtivemos un primeiro premio na vila valenciana de Benimodo. Outro premio moi valioso é que podemos contar experiencias fermosas e inesquecibles. Hoxe temos un colaborador de excepción, Martín Naveira, gran amigo e mellor músico.

Alejandro Vázquez, trompeta

Victor Manuel Vilariño, trompeta

Javier González, trompa

\*Martín Naveira, trompa invitado

Esteban Méndez, trombón

Rodrigo Rodríguez, tuba

### **Organizan**

Consello da Cultura Galega

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Fundación Cidade da Cultura de Galicia

### **Colaboran**

Concello de Santiago de Compostela

### **Agradecementos**

Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol

Conservatorio Profesional de Música de Lugo

Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra

Conservatorio Profesional de Música de Santiago

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Conservatorio Histórico de Santiago

Escolanía da Catedral de Santiago

Orquestra Sinfónica de Galicia

### **Gráfica**

Imago Mundi

### **Imprime**

Gráficas Brial

Depósito Legal

C 1008-2013

